



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

## ANUNCIO

### FON - APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUNHA DE BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE FONTANEIROS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS.

A Alcaldía en funcións ditou en data 19 de xaneiro de 2023, o decreto que a continuación se transcribe:

#### “DECRETO DA ALCALDÍA

**Asunto:** LP - APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO DE FONTANEIROS PARA O CONCELLO DE CAMARIÑAS.

**EXpte.:** 2022/E001/000026

Vista a acta e a proposta do Tribunal Cualificador do proceso de selección, mediante oposición, para a contratación laboral temporal de fontaneiros para o Concello de Camariñas.

Considerando que a orde de prelación que fai o tribunal dous aspirantes que seguidamente se indica, basease na puntuación obtida por estes aspirantes no procedemento a cal figura a continuación:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	1º
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	2º
TOJA NEGREIRA, JORGE	3º

Considerando que dita proposta se axusta ao preceptuado polas bases da convocatoria, é polo que de conformidade co establecido na base 8ª da convocatoria que rexe o procedemento de selección e en uso das competencias que me atribúe o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

#### ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar/formar a seguinte listaxe de aprobados formulada polo tribunal cualificador para a creación dunha creación dunha bolsa de emprego para a contratación de fontaneiros para o Concello de Camariñas, na orde de chamamento segundo a puntuación final obtida polos aspirantes aprobados que a continuación se indica:

NÚM.	APELIDOS E NOME
1º	AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO
2º	SAR VILLAR, JESÚS MANUEL
3º	TOJA NEGREIRA, JORGE

**Segundo:** A bolsa de emprego, que quedará formada pola relación de aspirantes do punto anterior e destinarase á contratación de persoal cando se produza algunha das seguintes circunstancias (artigo 15 do ET):

- 1.- Circunstancias da produción.
- 2.- A substitución transitoria de persoa traballadora con reserva de posto de traballo

Esta bolsa de emprego terá unha validez de dous anos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** Facer público o presente decreto mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas.

*Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>. O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).*



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde en funcións, Sergio Caamaño Fernández, ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde en funcións Sergio Caamaño Fernández.